



LEONARDO LEMOS MONTANET
BISPO DE OURENSE

Prot. N^o: 345/2023

Na reunión do Consello Presbiteral celebrada o día 30 de marzo do corrente, na Casa diocesana de Exercicios, propúxose a creación dunha “comisión operativa” co fin de estudar, avaliar e propoñer as solucións que consideren máis oportunas e así poder lograr un mellor funcionamento e servizo da Casa Sacerdotal “San Juan de Ávila” desta Diocese.

Despois de recontar as propostas recibidas e de ter falado con cada un dos elexidos polo Consello de Presbiterio, serán membros desta Comisión os sacerdotes seguintes:

Rvdo. Sr. D. Simón Mandianes Lama;


Rvdo. Sr. D. Evaristo Rúa Prieto;

Rvdo. Sr. D. José Seijo González.

Para que a menciona Comisión sexa operativa decido incorporar á mesma a *D. Daniel Argiz Rodríguez*, Ecónomo da Diocese, e como asesora técnica, a *Dña. Mari Luz González Reza*, responsable de Calidade dos centros da Fundación San Rosendo e da súa relación cos organismos da Xunta de Galicia.

Para coordinar o funcionamento de esta Comisión, fundándome na experiencia dos derradeiros anos, sobre todo a hora de buscar as solucións máis adecuadas nos asuntos que se lle ten encomendado, especialmente difíciles e comprometidos para esta Diocese, nomeo como **Presidente desta Comisión** a *D. Daniel Argiz Rodríguez*, que en todo momento informará ó bispo dos procesos a seguir, co fin de que este os poida presentar ó Consello de Presbiterio.




✠ J. Leonardo Lemos Montanet
Bispo de Ourense

M. Emilio Rodríguez Álvarez
Chanceler-Secretario